

AGÍS, Marcelino: *Anatomía do pensar. O discurso filosófico e a súa interpretación*, Galaxia, Vigo, 2019, 637p.

Estamos ante o primeiro volume de *Anatomía do Pensar* dedicado á interpretación do discurso filosófico. Entre as nosas mans temos unha obra, resultado dunha grande madurez intelectual, froito de moitos anos de traballo dentro do campo da hermenéutica ou teoría da interpretación. Esta obra, galardeada co Premio Concepción Arenal de Investigación en Humanidades no ano 2016 e que aínda permanecía inédita, conta con máis de seiscentas páxinas onde o autor da conta dos temas máis perennes e recorrentes do discurso filosófico, ofrendo ao lector unha explicación de gran rigorosidade, similar á minuciosidade dun cirurxián, ao explicar a anatomía do pensar.

Heidegger dicía que a filosofía é algo onde acontece un pronunciamento último e unha conversación a soas do ser humano, é dicir, a filosofía é a ferramenta para descubrir o noso ser, por iso se fai imprescindible a análise do discurso filosófico. Marcelino Agís na súa obra fai unha disertación minuciosa de cada un dos elementos que van conformando ese discurso, de xeito que coa súa deconstrución poidamos chegar a esencia do texto, e por ende á esencia do pensar mesmo. Pois tan só a través dos símbolos, as metáforas e todos os recursos lingüísticos a linguaxe adquire esa potencialidade infinita de dicilo todo, incluso aquilo que non se pode dicir.

O libro comeza cunha importante aclaración por parte do autor: a imposibilidade de falar do discurso filosófico de forma illada, i.e., deixando a un lado o discurso humano, pois un non pode darse sen o outro; o primeiro nace a partir do segundo: “ o ser humano non se limita a vivir, nin sequera a pensar senón que, ademais, conta a súa vida e o seu pensamento, configura

---

Recibido: 28/03/2020. Aceptado: 07/04/2020.

un mundo a través da escritura, un mundo que non é real senón literario, no que a realidade é transliterada e interpretada” (p. 13). Este non é senón o discurso filosófico, onde o ser humano sinte a necesidade de materializar a súa realidade. O autor, polo tanto, amósanos que esa estrutura crítica e elaborada, propia do discurso filosófico está asentada nesa base común que todos compartimos, o discurso cotián. Por iso é preciso retornar ao primeiro eslavón para tentar establecer as diferenzas conceptuais e lingüísticas que o discurso filosófico entraña. Isto leva intrínseco, polo tanto, un diálogo interno que busca ser interpretado.

Introducimos deste xeito, a segunda das grandes aportacións desta obra: subliñar a necesidade da interpretación do discurso creativo para desmascarar ou coñecer o noso ser.

Se unha vez máis aceptamos a afirmación heideggeriana de que a linguaxe é a morada do ser, o hermeneuta descóbrese como o mellor filósofo na procura deste, como o mellor coñecedor do camiño para alcanzalo. Pero esta é unha tarefa ardua, pois aínda que a hermenéutica é o “conxunto de operacións comprensivas conducentes á interpretación textual” (p. 21); o texto escrito, debido ao seu carácter aberto, queda a mercé de múltiples interpretacións. Deste xeito, tal e como nos indica o autor, a hermenéutica debe superar, como así o fixo, esa primeira afección que a define como un elemento auxiliar da filosofía, para pasar a ter un carácter heurístico, de acordo con Ricoeur, capaz de afrontar os retos actuais do pensamento. Así, a tarefa do hermeneuta, polo tanto, será a de descubrir a verdade e o sentido do texto, e para iso debese fusionar dous discursos: o propio do texto e o do interprete. Polo que Agís, ao logo dos oito capítulos que conforman esta obra, vai a facer da hermenéutica, xa non unha simple metodoloxía para interpretación de diálogos metafóricos, senón o camiño ao coñecemento do ser humano a través dos seus textos, ofrecéndolle unha visión de si mesmo á raíz do seu pensar.

O percorrido polo que o autor nos guía tratase da evolución do discurso cotián ata converterse en discurso filosófico. Deste xeito, o primeiro capítulo comeza cunha presentación da filosofía como resposta á violencia, é dicir, o *logos*, a linguaxe e o dialogo nacen en contraposición á acción violenta, a resposta de Husserl ou Adorno ante ao acaecido na II Guerra Mundial son exemplo disto, ou incluso *O contrato social* aparece para abolir a violencia reinante do estado de natureza. Ven ilustrar como o seu sentido remove as entrañas do filósofo que busca ser comprendido mediante o uso do discurso filosófico. Así mesmo, o autor acude ao pensamento de Eric Weil para falarnos dun xiro ontolóxico, consistente en pasar desa realidade

individual ou social ao realmente real: o ser; entroncando coa filosofía de Heidegger primeiro e máis tarde coa de Paul Ricoeur, que derivará na procura da interpretación do discurso do ser, que é fundamentalmente simbólico. Tamén nos amosa a importancia da estrutura da linguaxe, é dicir, “no é só a forma lingüística o que interesa senón tamén a función da linguaxe” (p. 61); pois se aceptamos que a linguaxe é unha forma de re-presentar a realidade, é preciso poñer o énfase na estrutura desa manifestación. É máis, isto lévanos á necesidade da utilización de símbolos e metáforas para contrarrestar a capacidade finita da linguaxe. Remata este capítulo engadindo dous dos elementos máis importantes de todo discurso: o sentido e a intención. Neste punto, topámonos nos límites mesmo do paso do discurso ordinario ao discurso filosófico, salto que o noso autor dará da man de Paul Ricoeur e o movemento circular que vai do hermenéutico ao ontolóxico, por iso nos fala do “ser do discurso e o discurso do ser”. Un ser que se dirá de moitas maneiras.

Se o ser non é unívoco, asumindo polo tanto a súa plurivocidade, o mesmo ocorre co discurso. O segundo capítulo comeza precisamente tratando da plurivocidade do discurso e a pluralidade de interpretacións do mesmo. O autor vincula ao discurso tres nocións: acontecemento, acción e obra. Deste xeito, en relación ao discurso como acontecemento, i.e., o discurso realizase nun tempo, vai falar da dialéctica entre acontecemento e sentido. Aínda que pode parecer paradoxo referirnos ao diálogo como acontecemento, pois parece que nos referimos a algo pasaxeiro e fuxitivo, en realidade non é tal, pois é imposible comprender a historia como acontecementos illados. A filosofía descóbrese, polo tanto, como unha sucesión de acontecementos perfectamente vertebrados que poden ser narrados. De xeito, que o texto está acontecendo neste intre, no momento en que está sendo interpretado. En relación ao discurso e a obra, o autor vai dar conta de tres aspectos desta: a obra, pola súa extensión presenta maiores problemas de comprensión; a complexidade do proceso de comprensión que nos leva a falar de distintos xéneros narrativos; e o estilo do autor é o que lle confire a autoría desa obra. Polo que respecta ao discurso e a acción, a última das relacións sinaladas, consiste en considerar ao propio discurso como unha acción, o que leva ao autor á reflexión sobre a filosofía da linguaxe de Austin e Searle.

É no terceiro capítulo, tras definir que é o discurso en xeral, cotián, e en particular o filosófico, onde nos atopamos cunha reivindicación da autonomía e a liberdade deste último. Dende tempos inmemoriais, acusásenos aos filósofos de destruír o feito para logo construír dende a nada,

de que o edificio da teoría filosófica parte continuamente dende cero; non en tanto, é unha característica de todo discurso, e en concreto do filosófico, esa procura da autonomía. Pero esta non ocorre dende a nada como pode parecernos, senón que sempre queda un ‘repouso’, o que é novo é a posición do autor, doutra maneira non se comprenderían as diferentes xeracións que conforman a historia da filosofía. Isto é o que leva ao autor a diferenciar dous tipos de posicións filosóficas: son os nosos prexuízos, entendidos como o coñecemento da tradición, os que van a configurar o noso discurso: “Se a noción de pertenza a unha xeración condiciona a creación” (p. 206); ou pola contra, somos capaces de permanecer impasibles ante o dado e construír o discurso en base as ideas propias. Sen dubida, un gran debate que no seu momento enfrontou a dous grandes hermeneutas: Gadamer e Habermas.

A oralidade e a escritura van a ser tratadas no capítulo IV, o autor parte desa relación que estableceu no segundo capítulo entre discurso e acción, seguindo a filosofía de Ricoeur. O texto, ou mellor, o discurso ao igual que a acción conleva múltiples interpretacións. Ora ben, o autor sinala que non debemos caer no prexuízo de primar a autoridade do texto escrito fronte ao oral, nin o contrario, ao permitírnos este un diálogo que a escrita non posibilita: “a palabra non varía en atención a que o discurso sexa oral o escrito” (p. 239). Neste punto, fáísenos unha achega ao pensamento de Derrida e a súa gramatoloxía, onde se reivindica a escritura como *arqui-escritura*, é dicir, a escritura tería un valor en si mesma, e non sería vista como un complemento da oralidade. Remata este capítulo considerando que do mesmo xeito que podemos falar dunha hermenéutica da escritura, tamén é preciso falar dunha hermenéutica da oralidade, sempre e cando, teñamos en conta que a comprensión e interpretación esta suxeita ao intercambio de preguntas e respostas: ao diálogo.

Continua o libro coa análise dos elementos do discurso, comezando co elemento máis básico: as palabras, e aumentando a súa complexidade ao tratar da frase e do discurso propiamente dito. Para iso, o autor apoiase na obra *A metáfora viva* de Paul Ricoeur. Grazas a este estudo, a metáfora váísenos revelar como un elemento fundamental do discurso ao ser ela mesma un micro-discurso dentro deste, é dicir, a metáfora ábrenos a un mundo paralelo ao do discurso do que forma parte, sendo necesario un análise minucioso da propia metáfora.

Seguidamente, baixo o título ‘Pensamos con palabras?’, o autor vai tratar a relación existente entre pensamento e linguaxe a través da figura de Max Black que se situou no medio deste debate, decantándose finalmente,

e sempre con matizacións, pola conxunción entre pensamento e linguaxe. Pero non foi o único que se pronunciou a este respecto, senón que outros filósofos ilustres se preguntaron: que significa pensar? Unha vez máis é preciso lembrar a Heidegger e a súa afirmación da linguaxe como morada do ser, vencellando as dúas ideas a través do concepto de *Ereignis*, unindo a súa vez identidade e ser. Non podoo senón lembrarme de Parménides e o seu fragmento 3: “Pois o mesmo é o pensar e o ser”. Polo tanto, a linguaxe será a ferramenta da que dispón o pensamento para que o ser humano coñeza o ser e a súa esencia. Neste punto, invítáenos a dar un pasiño máis cara o papel da metáfora e o concepto nesta relación entre pensamento e linguaxe: “entre metáfora e concepto xorde o imperativo común dun ‘pensar máis’, dun ‘pensar máis aló’, que é rescatado mediante a interpretación para desvelar a intención constitutiva da experiencia que se di na metáfora” (p. 379).

Xa para rematar, no último capítulo, o autor vai tratar do discurso filosófico e de como este transcende o propio texto, pois non se trata dunha simple escritura senón que leva consigo unha mensaxe que busca ser interpretada e comprendida. Por iso tamén se sinala a importancia do autor e do lector do texto. O paradoxo é que o autor, a pesar de que non vai a dialogar propiamente co lector, é dicir non hai *feedback* entre eles, si que vai haber unha relación entre eles. O autor escribe dende a súa subxectividade, e o lector volve a reescribir esa obra cando a le e a interpreta. O papel do lector, polo tanto, é crucial, como sinala Agís, pois grazas a este ‘revive’ o proceso de creación e ao propio autor, e a demais é culminación dese proceso ao outorgarlle un sentido. Deste xeito, son posibles dúas posturas do lector ante a obra: a actitude explicativa e a actitude comprensiva; ademais, Agís, ilustrará a dialéctica entre a obra, o autor e o lector coas ‘tres mímisis’ do hermeneuta francés, Paul Ricoeur. Vemos como a recepción da obra cobra unha gran importancia. Tamén cabe salienta deste capítulo, a importancia que adquire o silencio no discurso: os silencios poden dicir moito, podemos escribir para escapar do nihilismo (do silencio como potencialidade da escrita) e incluso a obra escrita ven envolta do silencio que separa o autor e o lector.

Marcelino Agís, polo tanto, descóbrenos nesta extensa obra a faciana oculta do discurso filosófico, un discurso que se resiste a ser atrapado, definido; analízase cal é o papel que desempeña o autor e o lector, a importancia da interpretación, ... é dicir, cada un dos elementos que interveñen na configuración do discurso filosófico, que non é senón o discurso do pensamento: “o discurso filosófico nace como un traballo incesante para acceder á verdade valéndose da razón” (p. 598).

Este ensaio ven a reafirmar unha vez máis que podemos e debemos falar de pensamento galego, do galego como ferramenta para a filosofía. Esta obra inscribise, senón como a primeira, si como unha das máis importantes dentro da hermenéutica compostelá, contribuíndo así a construción dun pensamento propio, sendo unha sorte para calquera lugar e cultura ter una obra de este calibre.

Rocío Carolo Tosar